

Presentación do Plan de innovación sanitaria PRECISAÚDE, centrado na medicina 5P

O Servizo Galego de Saúde foi pioneiro na posta en marcha en España de grandes programas de Compra Pública de Innovación (CPI). Entre algúns dos fitos máis relevantes alcanzados, cabe destacar a execución dos seguintes proxectos e programas:

- Hospital 2050 e InnovaSaúde, con 90 millóns de euros de orzamento, financiado pola liña Innocompra a partir de fondos FEDER 07-13.
- Código 100, con máis de 13 millóns de euros de orzamento, financiado pola liña FID con fondos FEDER 14-20.
- Innova MicroLab, con máis de 5 millóns de euros de orzamento financiado pola liña FID con fondos FEDER 14-20 (en execución actualmente).
- INNOVATRIAL, con máis de 10 millóns de orzamento, licitado polo CDTI e financiado polo PRTR (en execución actualmente).

Ademais, recibiu recoñecementos como:

- Premio Nacional de Innovación na categoría de CPI polo programa Hospital 2050 e Innova-Saúde.
- Premios mellor proxecto CPI Amparo Poch, por Código 100
- Primeiro Premio Europeo de Contratación Pública de Innovación

Co ánimo de continuar nesta liña de excelencia en materia de CPI, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) impulsan un novo programa, PRECISAÚDE, que aspira a mobilizar ao redor de 20 millóns de euros que poderían ser cofinanciados con fondos FEDER do POPE 21-27, a través da próxima convocatoria da liña de axudas FID do Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN).

Como requisito fundamental da convocatoria, e co ánimo de recibir propostas de solucións innovadoras por parte do mercado, o Servizo Galego de Saúde lanza a Consulta Preliminar ao Mercado (CPM) do Plan de innovación PRECISAÚDE para o seu contraste co mercado para identificar posibles solucións innovadoras que lles dean resposta.

Liñas de traballo
Solucións innovadoras baseadas en biomarcadores
Sistemas de simulación innovadores
Solucións de análise xenómico avanzado
Solucións innovadoras de terapias avanzadas